

### CONVOCATORIA

Convócase ás entidades socias da **ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL** á reunión que se celebrará na data e hora abaixo indicados, segundo a **ORDE DO DÍA** que se especifica.

Mos, a 31 de Maio de 2021

A Presidenta,

Asdo. Sandra González Álvarez

TIPO de REUNIÓN:	<b>ASEMBLEA XERAL</b>
DATA da REUNIÓN:	<b>15 de XUÑO de 2021</b>
HORA da REUNIÓN:	<b>12:00 HORAS</b>
MODALIDADE:	<b>A DISTANCIA POR VIDEOCONFERENCIA A TRAVÉS DE ENLACE</b>

### ORDE DO DÍA:

- 1) Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
- 2) **Aprobación**, se procede, da **ratificación** da composición tras ás últimas renovacións da actual **Xunta Directiva** da Asociación.
- 3) **Aprobación**, se procede, de **altas e baixas de entidades socias** da Asociación.
- 4) **Aprobación**, se procede, do **Plan de Actividades e Orzamento 2021** incluída a **Memoria de Actividades 2020 e 2019** da Asociación.
- 5) **Aprobación**, se procede, das **Contas Anuais 2020 e 2019** da Asociación.
- 6) **Aprobación**, se procede, da **Modificación da parte III "Estratexia" do proceso participativo para a elaboración da estratexia local do GDR14 para a xestión da Medida LEADER 2014/2020**.
- 7) **Informe actualizado sobre a marcha dos proxectos xestionados pola Asociación**.
- 8) **Rogos e preguntas**.

NOTA: A documentación anexa aos puntos da orde do día vai a estar publicada na páxina web da Asociación de Desenvolvemento Rural ([www.eurural.org](http://www.eurural.org)). No caso de aqueles socios que teñen facilitada a súa dirección de correo electrónico á Asociación de Desenvolvemento Rural, a documentación anexa aos puntos da orde do día tamén vai ser enviada por e-mail.

**No caso de non poder asistir persoalmente poden delegar por correo electrónico:**

**ASEMBLEA XERAL ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL 15 de XUÑO de 2021**

D/Dna \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_,  
como representante legal da entidade \_\_\_\_\_,  
DELEGO o meu voto en \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_,  
representante da entidade \_\_\_\_\_.

**BORRADOR DA ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA  
DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL**

Sendo as 20:30 horas do día **18 de Xuño de 2019**, na Axencia de Colocación de Mos - Centro de Desenvolvemento Local de Mos (Avenida Peinador, 39 – Tameiga – 36416 Mos) celébrase a Asemblea Xeral Ordinaria na que actúa como Presidenta Sandra González Álvarez e como Secretario Fernando Magdalena Blanco, coa presenza dos membros que a continuación se relacionan e coa seguinte orde do día (foron facilitados os anexos correspondentes):

- 1) Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
- 2) Aprobación, se procede, do Plan de Actividades e Orzamento 2019 incluída a Memoria de Actividades 2018 da Asociación.
- 3) Aprobación, se procede, das Contas Anuais 2018 da Asociación.
- 4) Informe actualizado sobre a marcha da Medida LEADER e do “Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño” xestionado pola Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL.
- 5) Rogos e preguntas.

As persoas asistentes son as seguintes:

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Entidade representada</b>
Fernando Magdalena Blanco	Comunidade de Montes de Trasmañó
Sandra González Álvarez	Concello de Tomiño
Martín Fernández Fernández	Asociación Profesional do Kiwi de Galicia
Ramón Alonso Pérez	Asociación Copo Sen Fundo
Dolores Díaz Malvido	Asociación de Amas de Casa de Baiona
Susana Rodríguez Da Silva	ACADAR
Susana Costa Acuña	Club Deportivo Sen Amarras
Celso Alvarez Pérez	COGAMI
Celso Alvarez Pérez (por delegación de Miguel Pazo Paramos)	Asociación Vontade
Susana Costa Acuña (por delegación de Oswaldo Davila Piñeiro)	Club Minauta
Francisco Javier Veloso Castaño	Comunidade de Montes de Randufe
Juan Antonio Da Silva Irago	Asociación Galega de Fibrose Quística
Vanessa Ferreira González	Fundación Pazo de Mos
Ángel Holguera Domínguez	COGAMI Pontevedra
Laura Quintas Lorenzo	AGADHEMO
Isabel Lorenzo Castro	ASPAVI
Jose M. Taboada Míguez	Comunidade de Montes de Vincios
Zara Pousa Arbones	Fundación Xavier Pousa
Iván Rarís Filgueira	AFAGA

Tamén asistiron como asesores con voz pero sen voto os seguintes compoñentes do equipo técnico da Asociación: Marco Antonio García Rodríguez (Xerente) e Eva María Gil Solla (Directora Técnica de Proxectos) e Patricia Bautista Pousada (Administrativa).

- 1) Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior. Apróbase por unanimidade.
- 2) Aprobación, se procede, do Plan de Actividades e Orzamento 2019 incluída a Memoria de Actividades 2018 da Asociación. Apróbase por unanimidade o Plan de Actividades e o Orzamento 2019 e tamén a Memoria de Actividades 2018 da Asociación.
- 3) Aprobación, se procede, das Contas Anuais 2018 da Asociación. Apróbanse por unanimidade as Contas Anuais 2018 da Asociación.
- 4) Informe actualizado sobre a marcha da Medida LEADER e do “Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño” xestionado pola Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL. Informase sobre o estado actual da Medida LEADER 2014/2020 xestionado polo GDR14 e do “Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño”.
- 9) Rogos e preguntas. Non houbo rogos e preguntas.

E non habendo máis asuntos para tratar, a Presidencia da por rematada a sesión ás 21:30 horas do día devandito.

Vº e PRACE  
A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.- Sandra González Álvarez

Asdo.- Fernando Magdalena Blanco

RENOVACIÓN XUNTA DIRECTIVA 2021		
MESA INSTITUCIONAL		
APELIDOS E NOME	CARGO	ENTIDADE
1 GONZÁLEZ ÁLVAREZ, SANDRA	PRESIDENTA	CONCELLO TOMIÑO
2 LOUREIRO CAMPO, JULIA	VOGAL	CONCELLO MOS
3 LAGE RODRIGUEZ, EMILIANO	VOGAL	CONCELLO FORNELOS MONTES
4 ALONSO MÉNDEZ, MARÍA VICTORIA	VOGAL	DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

MESA MONTES E MEDIO AMBIENTE		
APELIDOS E NOME	CARGO	ENTIDADE
1 MAGDALENA BLANCO, FERNANDO	SECRETARIO	C.M.V.M.C. TRASMAÑO
2 VELOSO CASTAÑO, FRANCISCO JAVIER	VOGAL	C.M.V.M.C. RANDUFE
3 PEREIRA MARTÍNEZ, XOSÉ ALFREDO	VICEPRESIDENTE	ORGACCMM
4 PÉREZ VÁZQUEZ, GONZALO	VOGAL	C.M.V.M.C. TAMEIGA

MESA DE MULLER		
APELIDOS E NOME	CARGO	ENTIDADE
1 DÍAZ MALVIDO, DOLORES	VOGAL	ASOC. AMAS CASA BAIONA
2 RODRÍGUEZ DA SILVA, SUSANA	VOGAL	ACADAR

MESA VECIÑAL, CULTURAL, DEPORTIVA E XUVENIL		
APELIDOS E NOME	CARGO	ENTIDADE
1 FERREIRA GONZÁLEZ, VANESSA	VOGAL	FUNDACIÓN PAZO DE MOS
2 COSTA ACUÑA, SUSANA MARÍA	VOGAL	CLUB DEPORTIVO "SEN AMARRAS"
3 POUSA ARBONES, ZARA	VOGAL	FUNDACIÓN XAVIER POUSA
4 ALONSO PÉREZ, RAMÓN	VICETESOUREIRO	ASOC. "O COPO SEN FONDO"

MESA DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO		
APELIDOS E NOME	CARGO	ENTIDADE
1 LAGO GRANADA, ENRIQUE	VOGAL	ASOC. EMPRESARIOS REDONDELA
2 COMESAÑA CHAMORRO, MARCOS	VOGAL	ASOC. COMERCIANTES E EMPRESARIOS BAIONA

MESA DE ACCIÓN SOCIAL		
APELIDOS E NOME	CARGO	ENTIDADE
1 HOLGUERA DOMÍNGUEZ, ÁNGEL	TESOUREIRO	COGAMI PONTEVEDRA
2 RARIS FILGUEIRA, IVÁN	VOGAL	AFAGA

MESA AGROGANDEIRA		
APELIDOS E NOME	CARGO	ENTIDADE
1 FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, MARTÍN	VICESECRETARIO	ASOCIACIÓN PROFESIONAL DEL KIWI DE GALICIA
2 SALVADOR MARTÍNEZ VALLADARES	VOGAL	SINDICATO LABREGO GALEGO
3 VAQUERO PEREIRA, ÓSCAR	VOGAL	ACUBAM



ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL

Xunta Directiva 02/12/2019

SOLICITUDES DE ALTAS/BAIXAS DE SOCIOS

Tras a solicitude presentada polos interesados, PROPONSE a aceptación das seguintes solicitudes de alta como socios:

Mesa Veciñal, Cultural, Deportiva e Xuvenil  
-Asociación Costa dos Castros  
(Oia)



ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL

Xunta Directiva 30/03/2020

SOLICITUDES DE ALTAS/BAIXAS DE SOCIOS

Tras a solicitude presentada polos interesados, PROPONSE a aceptación das seguintes solicitudes de alta como socios:

Mesa Montes e Medio Ambiente  
-C.M.V.M.V. Goián  
(Tomiño)



## **PLAN ACTIVIDADES 2021**

### **ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL**

#### **FUNCIONAMENTO INTERNO**

- Xestión integral da Medida LEADER 2014/2020 (difusión, asesoramento a promotoras/es, xestión e aprobación de expedientes e axudas, certificacións e seguimento): Apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local incluída a Formación promovida polo GDR (19.2), Cooperación entre GDRs (19.3) e Custes Correntes e Animación e Promoción Territorial (19.4)
- Atención ás/aos socias/os da Asociación e captación de novas entidades asociadas
- Colaboración entre o equipo técnico e a Xunta Directiva para a posta en valor do noso territorio
- Xestión da Páxina Web Corporativa da Asociación ( [www.eurural.org](http://www.eurural.org) ): divulgación da Medida LEADER 2014/2020
- Formación continua e participación en eventos relacionados co desenvolvemento rural (a nosa entidade forma parte da Xunta Directiva da Asociación de GDRs de Galicia)

#### **FUNCIONAMENTO ASOCIATIVO**

- Convocatorias de Mesas Sectoriais, Xuntas Directivas e Asembleas Xerais
- Altas e baixas de asociadas/os
- Comunicación de novas ás/aos asociadas/os
- Notas de prensa e redes sociais (EURURAL)

#### **OUTROS PROXECTOS (Non LEADER)**

Dentro da nova estratexia asociativa participación e/ou colaboración noutros proxectos comunitarios ou nacionais ligados ao desenvolvemento rural do noso territorio como é o caso da convocatoria de Turismo de Galicia “O teu Xacobeo” e o “Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño” xestionado pola nosa Asociación, ademais de proxectos de sensibilización a favor da igualdade de xénero

## RESOLUCIÓN SOBRE A AUTORIZACIÓN AO GDR 14 ASOCIACION DE DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL PARA OS GASTOS CORRENTES OU DE FUNCIONAMENTO (SUBMEDIDA 19.4A) E PARA A AUTORIZACIÓN DO IMPORTE MÁXIMO PARA GASTOS DE ANIMACIÓN (SUBMEDIDA 19.4B), CON CARGO Á ANUALIDADE 2021

### I.- Datos identificativos

- GDR: 14 - Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural
- Anualidade: 2021
- Expedientes:

Para gastos correntes (submedida 19.4A): L21-1940-14-A005

Para gastos de animación (submedida 19.4B): autorización ao GDR 14 - Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural da dotación financeira máxima que se poderá destinar a proxectos de animación con cargo á anualidade 2021.

### II.- Antecedentes

- A cláusula 10ª do convenio de colaboración entre a Agader e o GDR establece un importe máximo de cento trinta e cinco mil oitocentos dezasete euros con cincuenta e sete céntimos (135.817,57€) que o GDR poderá dedicar a gastos correntes (19.4A) e á animación (19.4B) con cargo á anualidade 2021. Tamén sinala que lle corresponde á Agader a autorización anual do orzamento máximo de que disporá o GDR para esta tipoloxía de gastos, que nunca poderán superar o 25% do gasto público total en que incorra o GDR no marco da estratexia de desenvolvemento local. En relación a estes aspectos, os importes para os que se pide a autorización de gastos nas submedidas 19.4A e 19.4B da medida Leader, sitúanse dentro das disponibilidades orzamentarias sinaladas na citada cláusula 10ª do convenio

-O día 18/03/2021 tivo entrada no rexistro da Agader solicitude de autorización do GDR 14 - Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural pola que se prevía un importe para gastos correntes con cargo á submedida 19.4A por un importe global de cento once mil setecentos catorce euros con oitenta e oito céntimos (111.714,88€), para a anualidade 2021.

-O día 18/03/2021 tivo entrada no rexistro da Agader solicitude de autorización do GDR 14 - Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural para proxectos de animación e promoción territorial con cargo á submedida 19.4B por un importe global de vinte e catro mil cento dous euros con sesenta e nove céntimos (24.102,69€), para a anualidade 2021.

### III.- Fundamentos legais

-Acordo do Consello de Dirección de Agader do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección, publicado mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016 (DOG núm. 42, do 2 de marzo).

- Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se resolve a convocatória sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de GDR como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia, así como sobre a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

- Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) e o GDR, asinado o 13 de decembro de 2016, para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida LEADER de Galicia, cofinanciado co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.



- Adenda ao convenio de colaboración entre a Agader e o GDR, asinada o 11 de decembro de 2020.

- Acordo do Consello de Dirección da Agader, do 13 de decembro de 2019, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramitan ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se publican mediante a Resolución do director xeral da Agader do 13 de decembro de 2019 (DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2019). Mediante Acordo do Consello de Dirección da Agader, do 10 de marzo de 2021, modificáronse as citadas bases reguladoras (DOG núm. 53 do 18 de marzo de 2021).

Tendo en conta os antecedentes, os fundamentos legais expostos e que a competencia para resolver sobre as autorizacións solicitadas lle corresponde á persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en virtude do Acordo do 13 de decembro de 2019.

#### RESOLVO:

1. Autorizar ao GDR **14 Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural** a seguinte dotación financeira máxima que poderá destinar a gastos para proxectos de animación e promoción territorial con cargo á submedida 19.4B do PDR de Galicia 2014-2020:

ANO	IMPORTE
2021	24.102,69

Esta contía distribuirase entre os proxectos concretos para os que o GDR lle solicite axuda a Agader, conforme ao previsto nas bases reguladoras.

2. Autorizar ao GDR **14 Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural** a seguinte dotación financeira para o ano 2021 con cargo a gastos correntes da submedida 19.4A do PDR de Galicia 2014-2020, de acordo coas condicións que a seguir se indican.

A. O orzamento presentado e aprobado desagregado por partidas é o seguinte:

CONCEPTO	Orzamento presentado	Orzamento aprobado
I-Gastos de persoal	87.520,68	87.520,68
II-Axudas de custe do persoal técnico do GDR	1.000,00	1.000,00
III-Asistencia a xestión	1.303,32	1.303,32
IV- Suministros exteriores	4.500,00	4.500,00
V-Inmobles e equipos	3.300,00	3.300,00
VI-Outros gastos	14.090,88	14.090,88
TOTAIS	111.714,88	111.714,88

IVE subvencionable.

Non se esclúe ningún concepto dos presentados no orzamento

- B. A axuda correspondente a estes gastos é incompatible con calquera outra que, para os mesmos gastos, leve cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e da súa tipoloxía. En particular, será incompatible con calquera axuda cofinanciada con Feader.
- C. A intensidade da axuda con cargo á estratexia para os gastos de funcionamento poderá ser do 100%.
- D. O GDR poderá obter financiamento suplementario ou recursos materiais dos seus asociados ou doutras entidades para eses fins. Non obstante o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.





- E. O GDR deberá executar e xustificar os gastos correntes de funcionamento (19.4A) seguindo as regras xerais previstas no Réxime de Axudas. Ademais, deberá acreditarse a moderación de custes, calquera que sexa a contía do gasto subvencionable, mediante o sistema adecuado de valoración que estableza a Agader no Réxime de Axudas ou en instrucións ditadas ao efecto. Dito sistema de valoración de custes poderá consistir no establecemento de custes máximos de referencia, na comparación de polo menos tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á asunción do gasto ou no establecemento de prezos máximos por un comité de avaliación que designe a Agader.
- F. A Agader pagará os gastos correspondentes aos custes correntes da estratexia de desenvolvemento local, do seguinte xeito:  
No caso de solicitude do GDR, poderá concederse un anticipo de ata o 50% do orzamento disponible en cada anualidade, unha vez xustificadas os gastos en custes correntes da anualidade anterior.  
O importe restante da anualidade liberarase unha vez que se xustifique o anticipo e a medida que o GDR presente as solicitudes de pago xunto coa documentación xustificativa das mesmas. Os gastos poderán ser xustificadas mensualmente ou, se é o caso, no momento do esgotamento do anticipo; sendo o 15 de novembro de 2021 o último día de prazo para a execución e xustificación do orzamento así como para a presentación da documentación xustificativa ante AGADER. Unicamente serán elixibles os gastos causados na anualidade na que o GDR solicite o seu pagamento, agás os gastos nos que incorra o GDR nos dous meses finais de cada anualidade, que poderán ser imputados polo GDR con cargo ao orzamento dispoñible da anualidade inmediatamente posterior (esta excepción non será aplicable na anualidade final do programa).  
Segundo dispón a cláusula 12ª do Convenio de colaboración, o GDR poderá percibir pagamentos a conta e pagamentos anticipados por importe conxunto de ata o 100% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, respecto dos gastos en custes correntes. Así mesmo, exímese ao GDR da constitución de garantías nos pagamentos a conta que poida percibir en relación cos citados gastos en custes correntes, cando o importe conxunto de pagamentos a conta e de pagamentos anticipados sexa superior aos 18.000 euros. Cando o GDR non precise os equipamentos adquiridos con cargo á estratexia, destinaranse a entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades vinculadas ao desenvolvemento rural.
- G. Para a xustificación dos gastos derivados desta resolución de concesión de axuda será esixible, en función do tipo de gasto imputado, a acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos na Instrución 1/2021, sobre a aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, aos GDRs pola súa condición de poderes adjudicadores que non teñen a condición de Administración Pública.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno

Santiago de Compostela,  
O Consello de Dirección de Agader  
(P.D.: Acordo do 13/12/2019)  
A directora xeral de Agader  
(Asinado electronicamente)  
Inés Santé Riveira



## **MEMORIA ACTIVIDADES 2020**

### **ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL**

#### **FUNCIONAMIENTO INTERNO**

- Xestión da Medida LEADER 2014/2020: atención ás/aos promotoras/es e xestión dos expedientes de axuda nas fases de solicitude, aprobación, resolución e certificación con 162 novos expedientes presentados dende a apertura da convocatoria a principios de 2017 ata o 31 de decembro de 2020. En concreto, no ano 2020 se presentaron 24 solicitudes de axuda.
- Atención ás/aos socias/os da Asociación e captación de novas entidades como asociadas.
- Colaboración entre o persoal laboral e a Xunta Directiva da Asociación para a posta en valor do noso territorio.
- Xestión da páxina WEB Corporativa da Asociación: [www.eurural.org](http://www.eurural.org) e das redes sociais. Publicación nas dúas canles de novas e convocatorias de interese para o territorio: axudas, congresos, publicacións, experiencias doutros territorios, etc.
- Formación continua e participación en eventos relacionados co desenvolvemento rural.

#### **FUNCIONAMIENTO ASOCIATIVO**

- Convocatoria Xuntas Directivas: presenciais a distancia (17/12) e por procedemento escrito (30/03-26/05-07/07-14/07-17/07-01/09).
- Altas e baixas de asociadas/os: 240 entidades asociadas a finais de 2020.
- Comunicación de novas ás/aos asociadas/os (axudas, subvencións, formación, eventos, etc.) a través da web, do correo electrónico e das redes sociais.
- Notas de prensa.

#### **PROMOCIÓN E DIFUSIÓN MEDIDA LEADER**

- Reunións formativas e informativas entre os GDRs e AGADER.
- Comunicacións escritas e reunións informativas cos representantes de distintos concellos para a difusión local da convocatoria de axudas da Medida LEADER.

- Reunións coas/os axentes de emprego das entidades públicas para informarlles da convocatoria de axudas da Medida LEADER e definir e organizar os Plans de Formación que está a desenvolver a Asociación.
- Reunións con outras/os “axentes socioeconómicos” do territorio (asociacións, comunidades, entidades bancarias, etc.).
- Presentación, execución e certificación de dous expedientes LEADER da submedida 194B (Animación e Promoción Territorial): POSTA EN VALOR DE PRODUTO LOCAL A TRAVÉS DUN SHOWCOOKING NA FEIRA DO VIÑO DO ROSAL (UN CHEF NO RURAL) e CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE O PRODUTO LOCAL DO GDR14 (PARTE DE TI).

#### **FORMACIÓN PROMOVIDA GDR MEDIDA LEADER**

- Presentación, execución e certificación de varios cursos de formación LEADER promovidos polo GDR na procura da creación e consolidación de emprego da poboación activa: 4 cursos de “cociña creativa con produtos locais” de 10 horas e 15 participantes por curso (Nigrán, Tomiño, O Porriño e Redondela), 3 cursos de “elaboración artesanal de conservas vexetais” de 12 horas e 15 participantes por curso (Mos e dous cursos en Gondomar) e 6 cursos de “elaboración de ungüentos naturais” de 8 horas e 15 participantes por curso (A Guarda, O Rosal e dous cursos tanto en Baiona como en Tui).

#### **COOPERACIÓN GDRs MEDIDA LEADER**

- En espera da resolución da convocatoria de Galicia de proxectos de cooperación entre GDRs, estamos candidatos con catro solicitudes de axuda ao respecto:

Proxecto	Orzamento	GDR coordinador	Nº GDRs participantes
EUROCHEF	117.850 euros	ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL	5
INCORPORANDO ILUSIÓNS	99.600 euros	Asociación Desenvolvemento Seitura22	6
DINAMIZACIÓN e PROMOCIÓN IXP VIÑOS GALICIA	98.600 euros	Asociación Desenvolvemento Pontevedra Morrazo	6
SON DO MONTE	80.000 euros	Asociación Desenvolvemento Limia Arnoia	5

## **COOPERACIÓN INTERTERRITORIAL**

- Traballo en rede cos GDRs galegos a través da Asociación Galega de GDRs (asistencia a Asembleas Xerais e reunións de traballo da Rede Galega de GDRs).
- Participación en eventos e xornadas da “Red Rural Nacional” destinadas a dinamizar o período comunitario 2014/2020 en materia de cooperación interterritorial.
- Contactos con Grupos de Desenvolvemento Rural de España e do resto de Europa para colaborar en diferentes proxectos.

## **OUTRAS ACCIÓNS**

- Actividades ligadas ao convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e os 14 concellos integrados no “Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño” xestionado pola Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL.
- Realización dunha campaña de sensibilización a favor da igualdade de xénero (obradoiro e video documental).
- Candidatura de varios proxectos á convocatoria “O teu Xacobeo” (Axencia de Turismo de Galicia).
- Seguimento do convenio de colaboración entre a Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL (GDR14) e o Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Vigo – A Guarda (GALP 7) para actividades de interese xeral.
- Colaboración coa Rede EUSUMO da que somos socios, na promoción e fomento na nosa área xeográfica do cooperativismo e a economía social.
- Contactos, colaboracións e participacións en outros eventos e proxectos non LEADER.

## **MEMORIA ACTIVIDADES 2019**

### **ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL**

#### **FUNCIONAMENTO INTERNO**

- Xestión da Medida LEADER 2014/2020: atención ás/aos promotoras/es e xestión dos expedientes de axuda nas fases de solicitude, aprobación, resolución e certificación con 138 novos expedientes presentados dende a apertura da convocatoria a principios de 2017 ata o 31 de decembro de 2019. En concreto, no ano 2019 se presentaron 28 solicitudes de axuda.
- Atención ás/aos socias/os da Asociación e captación de novas entidades como asociadas.
- Colaboración entre o persoal laboral e a Xunta Directiva da Asociación para a posta en valor do noso territorio.
- Xestión da páxina WEB Corporativa da Asociación: [www.eurural.org](http://www.eurural.org) e das redes sociais (Facebook). Publicación nas dúas canles de novas e convocatorias de interese para o territorio: axudas, congresos, publicacións, experiencias doutros territorios, etc.
- Formación continua e participación en eventos relacionados co desenvolvemento rural.

#### **FUNCIONAMENTO ASOCIATIVO**

- Convocatorias de Mesas Sectoriais: 21/03 e 09/05 (Mesa Montes e Medio Ambiente).
- Convocatoria Xuntas Directivas: Presenciais (12/03-18/06-02/12) e por Procedemento Escrito (31/01-23/04-18/07-19/12).
- Convocatoria Asembleas Xerais: 18/06 (ordinaria).
- Altas e baixas de asociadas/os: 237 entidades asociadas a finais de 2019.
- Comunicación de novas ás/aos asociadas/os (axudas, subvencións, formación, eventos, etc.) a través da web, do correo electrónico e do FACEBOOK.
- Notas de prensa.

## PROMOCIÓN E DIFUSIÓN MEDIDA LEADER

- Reunións formativas e informativas entre os GDRs e AGADER.
- Comunicacións escritas e reunións informativas cos representantes de distintos concellos para a difusión local da convocatoria de axudas da Medida LEADER.
- Reunións coas/os axentes de emprego das entidades públicas para informarles da convocatoria de axudas da Medida LEADER e definir e organizar os Plans de Formación que está a desenvolver a Asociación.
- Reunións con outras/os “axentes socioeconómicos” do territorio (asociacións, comunidades, entidades bancarias, etc.).
- Participación no 2º Evento LEADER de Galicia organizado por AGADER celebrado en A Estrada (Pontevedra) o 11 de Setembro.
- Presentación, execución e certificación de dous expedientes LEADER da submedida 194B (Animación e Promoción Territorial): PROGRAMA DIVULGATIVO DA MEDIDA LEADER E FIXACIÓN DA POBOACIÓN NO RURAL (Creando Rural 2ª edición) e SHOWCOOKING “UN CHEF NO RURAL” NA MOSTRA DE CULTIVOS DO BAIXO MIÑO 2019.

## FORMACIÓN PROMOVIDA GDR MEDIDA LEADER

- Presentación, execución e certificación de varios cursos de formación LEADER promovidos polo GDR na procura da creación e consolidación de emprego da poboación activa: 2 cursos de “escaparatismo” de 36 horas e 15 participantes por curso (Tomíño e Mos), 7 cursos de “elaboración artesanal de conservas vexetais” de 12 horas e 15 participantes por curso (A Guarda, Redondela, O Rosal, Baiona, O Porriño, Tui e A Guarda) e 3 cursos de “elaboración de ungüentos naturais” de 8 horas e 15 participantes por curso (Pazos de Borbén, Oia e Gondomar).

## COOPERACIÓN GDRs MEDIDA LEADER

- En espera da resolución da convocatoria de Galicia de proxectos de cooperación entre GDRs, estamos candidatos con catro solicitudes de axuda ao respecto:

Proxecto	Orzamento	GDR coordinador	Nº GDRs participantes
EUROCHEF	117.850 euros	ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL	5
INCORPORANDO ILUSIÓNS	99.600 euros	Asociación Desenvolvemento Seitura22	6
DINAMIZACIÓN e PROMOCIÓN IXP VIÑOS GALICIA	98.600 euros	Asociación Desenvolvemento Pontevedra Morrazo	6
SON DO MONTE	80.000 euros	Asociación Desenvolvemento Limia Arnoia	5

## **COOPERACIÓN INTERTERRITORIAL**

- Traballo en rede cos GDRs galegos a través da Asociación Galega de GDRs (asistencia a Asembleas Xerais e reunións de traballo da Rede Galega de GDRs).
- Participación en eventos e xornadas da “Red Rural Nacional” destinadas a dinamizar o período comunitario 2014/2020 en materia de cooperación interterritorial.
- Contactos con Grupos de Desenvolvemento Rural de España e do resto de Europa para colaborar en diferentes proxectos.

## **OUTRAS ACCIÓNS**

- Actividades ligadas ao convenio de colaboración entre os 14 concellos integrados no “Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño” xestionado pola Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL.
- Organización do proxecto “O teu Xacobeo” convocado por Turismo de Galicia (Redondela, A Guarda e Tui).
- Seguimento do convenio de colaboración entre a Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL (GDR14) e o Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Vigo – A Guarda (GALP 7) para actividades de interese xeral.
- Colaboración coa Rede EUSUMO da que somos socios, na promoción e fomento na nosa área xeográfica do cooperativismo e a economía social.
- Contactos, colaboracións e participacións en outros eventos e proxectos non LEADER.

## MEMORIA ABREVIADA ANUAL EJERCICIO 2020

Que, relativa ao exercicio 2020 pechado o 31 de decembro, sométese á Xunta Directiva e á Asemblea Xeral Ordinaria da Asociación, que ten que sancionar as Contas Anuais correspondentes a dito exercicio. O exercicio 2020 abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro.

### PUNTO 1.- ACTIVIDADE DA ASOCIACIÓN

A Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL anteriormente denominada Asociación de Desenvolvemento Rural MAIV – Baixo Miño (en adiante, ADR) constituíuse formalmente o día 19 de xuño de 2001 en Asemblea Constituínte e rexistrouse o día 10 de agosto de 2001 no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2001/005629-1. O seu enderezo social atópase na Avenida de Peinador nº 39 de Tameiga – Mos (C.P. 36416). O seu número de identificación fiscal é G-36889780. O Obxecto Social da ADR é servir de núcleo de converxencia e representación das entidades e persoas xurídicas, tanto privadas como públicas, interesadas no desenvolvemento rural da zona de actuación formada polos concellos de A Guarda, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Oia, O Porriño, O Rosal, Pazos de Borbén, Redondela, Tomiño e Tui. Se pode acoller aos modelos abreviados de contas anuais xa que non supera os límites legais establecidos a efectos de presentación dos modelos ordinarios.

### PUNTO 2.- BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

a) Imaxe Fiel. As contas anuais preparáronse a partir dos rexistros contables do exercicio 2020, en aplicación das disposicións legais vixentes en materia contable co obxecto de mostra-la imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Asociación.

b) Principios contables. Os rexistros contables da Asociación seguen os principios contables recollidos na lexislación contable e mercantil vixente.

c) Comparación da información. A partir do exercicio económico 2009 aplícase o principio de uniformidade non variándose os formatos dos modelos de presentación actualmente en vigor nin os criterios de contabilización.

### PUNTO 3.- APLICACIÓN DE RESULTADOS

A 31 de decembro de 2020 o Órgano de Administración propón á Xunta Directiva e á Asemblea Xeral de Socios a aprobación da distribución de resultados que se indica a continuación.

<u>Resultado anual</u>	<u>Importe</u>
Perdas e ganancias (Resultado POSITIVO)	2.798,63 €
<u>Remanente de exercicios anteriores</u>	<u>Importe</u>
Remanente pola actividade asociativa non lucrativa	55.678,12 €

A aplicación é a “remanente pola actividade asociativa non lucrativa”. O resultado do exercicio é neto de impostos. A efectos de presentación ante a A.E.A.T. o imposto de sociedades devengado do exercicio é de 0,00 €. A distribución prevista no reparto de resultados do exercicio cumpre cos requisitos e limitacións establecidas nos estatutos da Asociación e na normativa legal.

### PUNTO 4.- NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

Non existe a 31 de decembro de 2020 ningún elemento activado de inmovilizado intanxible ou material nin valores negociables e outros investimentos e instrumentos financeiros análogos, polo tanto, non procede a dotación de ningunha amortización ao respecto.



#### PUNTO 5.- INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS

Durante o exercicio 2020 non hai rexistrados movementos nas partidas de inmovilizado material, intanxible e investimentos inmobiliarios. Non procede o libro de inventarios de bens, xa que polo principio de importancia relativa, os elementos de equipamento adquiridos a partir do ano 2009 foron contabilizados como gasto corrente do exercicio.

#### PUNTO 6.- ACTIVOS FINANCEIROS

Durante o exercicio 2020 non hai rexistrados movementos na partida de activos financeiros.

#### PUNTO 7.- PASIVOS FINANCEIROS

Durante o exercicio 2020 non hai rexistrados movementos na partida de pasivos financeiros.

#### PUNTO 8.- FONDOS PROPIOS

O movemento das distintas contas que compoñen os "Fondos Propios" da Asociación ao final do exercicio económico 2020 é o seguinte:

SALDO INICIAL	ENTRADAS (+)	SAÍDAS (-)	SALDO FINAL
Remanente pola actividade asociativa non lucrativa	55.678,12 €	0,00 €	55.678,12 €
Resultado do exercicio 2020 (POSITIVO)	2.798,63 €	0,00 €	2.798,63 €
<b>Total</b>	<b>58.476,75 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>58.476,75 €</b>

#### PUNTO 9.- SITUACIÓN FISCAL

O Imposto sobre Beneficios calcúlase en función do resultado do exercicio antes de impostos considerando as diferenzas existentes entre o resultado contable e o resultado fiscal (base imponible do imposto) e distinguindo nestas o seu carácter de permanente ou temporal a efectos de determina-lo Imposto sobre Sociedades devengado no exercicio. En aplicación do Imposto sobre Sociedades procede determinar e cuantificar as rendas exentas a efectos do imposto sobre beneficios procedentes da realización de actividades inherentes ao obxecto social da Asociación. Considérase que tódolos ingresos e gastos relativos ao exercicio 2020 proceden da realización de actividades inherentes ao obxecto social da Asociación xa que a Asociación non desenvolveu nin desenvolve actividades non recollidas no seu obxecto social segundo consta nos Estatutos da mesma. Polo tanto, o cálculo do imposto sobre beneficios correspondente ao exercicio económico 2020 é o seguinte:

<b>RESULTADO EXENTO ANTES DE IMPOSTOS</b> .....	<b>2.798,63 €</b>
RESULTADO NON EXENTO ANTES DE IMPOSTOS (RESULTADO FISCAL).....	0,00 €
AXUSTES EXTRACONTABLES PERMANENTES POSITIVOS E NEGATIVOS.....	0,00 €
AXUSTES EXTRACONTABLES TEMPORAIS POSITIVOS E NEGATIVOS.....	0,00 €
BASE IMPOÑIBLE PREVIA NON EXENTA (RESULTADO FISCAL).....	0,00 €
<b>BASE IMPOÑIBLE</b> .....	<b>0,00 €</b>
COTA ÍNTEGRA.....	0,00 €
DEDUCIÓNS E BONIFICACIÓNS EN COTA.....	0,00 €
COTA LÍQUIDA.....	0,00 €
<b>RETENCIÓNS</b> .....	<b>0,00 €</b>
PAGOS FRACCIONADOS.....	0,00 €
<b>COTA DIFERENCIAL</b> .....	<b>0,00 €</b>

#### PUNTO 10.- INGRESOS E GASTOS

Durante o exercicio 2020 a Asociación tivo os seguintes ingresos totais detallados por partidas:

Subvención Gastos Formación 19.2 Medida LEADER 2014/2020 (AGADER).....	11.550,86 €
Subvención Custes Correntes 19.4A Medida LEADER 2014/2020 (AGADER).....	136.165,42 €
Subvención Gastos Animación 19.4B Medida LEADER 2014/2020 (AGADER).....	31.195,39 €
XEODESTINO 2020 (TURISMO de GALICIA).....	28.396,28 €
Cotas 2020 Concellos.....	52.500,01 €
Axuda da Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia.....	1.000,00 €
<b>TOTAL INGRESOS</b> .....	<b>260.807,96 €</b>

Durante o exercicio 2020 a Asociación tivo os seguintes gastos totais detallados por partidas:

Gastos de persoal e asimilados.....	117.121,49 €
Subministracións e outros custes exteriores.....	140.466,99 €
Outros resultados (gastos extraordinarios).....	32,40 €
Gastos financeiros .....	388,45 €
<b>TOTAL GASTOS</b> .....	<b>258.009,33 €</b>

#### PUNTO 11.- SUBVENCÍONS, DONACÍONS E LEGADOS

Durante o exercicio 2020 a Asociación rexistrou ao seu favor as seguintes "subvencións" (destinadas a sufragar gastos):

Subvención Gastos Formación 19.2 Medida LEADER 2014/2020 (AGADER).....	11.550,86 €
Subvención Custes Correntes 19.4A Medida LEADER 2014/2020 (AGADER).....	136.165,42 €
Subvención Gastos Animación 19.4B Medida LEADER 2014/2020 (AGADER).....	31.195,39 €
XEODESTINO 2020 (TURISMO de GALICIA).....	28.396,28 €
<b>TOTAL INGRESOS</b> .....	<b>207.307,95 €</b>

#### PUNTO 12.- OPERACÍONS CON PARTES VINCULADAS

Non existen entidades do grupo e asociadas a efectos contables, laborais e fiscais.

#### PUNTO 13.- OUTRA INFORMACIÓN

As presentes Contas Anuais do Exercicio Económico 2020 están compostas polo Balance de Situación Abreviado, a Conta de Perdas e Ganancias Abreviada e a Memoria Abreviada e foron elaboradas atendendo ao Libro Diario do Exercicio Económico 2020.

A Asociación entende que, salvo error ou omisión, a información contida na presente Memoria é suficiente para mostra-la imaxe fiel do patrimonio, a situación financeira e os resultados da mesma.

Atendendo á lexislación vixente, non existen retribucións devengadas no exercicio 2020 polos membros da Xunta Directiva da Asociación.

Non se produciron feitos ou transaccións posteriores ao peche do exercicio 2020, imputables a dito exercicio, que poidan ter efecto significativo sobre os estados financeiros, que non precisan polo tanto de axuste algún.

**A 31 de decembro de 2020 a Asociación rexistra as seguintes partidas de activo:**

AGADER (Medida LEADER 2014/2020).....	30.470,42 €
TURISMO de GALICIA (XEODESTINO 2020).....	28.396,28 €
CONCELLOS (Cotas 2020 → TUI e REDONDELA) .....	12.369,11 €
CAIXABANK (comisións e gastos cobrados incorrectamente).....	213,81 €
Concello Mos (fianza depositada "local" Asociación).....	1.214,61 €
ALD Automotive (fianza depositada "coche renting" Asociación) .....	371,27 €
Tesourería (saldo total contas bancarias) .....	-9.033,97 €
<b>TOTAL ACTIVO</b> .....	<b>64.001,53 €</b>

**A 31 de decembro de 2020 a Asociación rexistra as seguintes partidas de pasivo:**

Remanente pola actividade asociativa non lucrativa.....	55.678,12 €
Resultado do exercicio 2020 (POSITIVO).....	2.798,63 €
Seguridade Social (Decembro/2020).....	2.708,65 €
A.E.A.T. (Modelo 111 4T/2020).....	2.816,13 €
<b>TOTAL PASIVO</b> .....	<b>64.001,53 €</b>

**A continuación xustifícase a existencia do “resultado contable POSITIVO” de 2.798,63 €:**

A	RESULTADO POSITIVO (2020)	2.798,63 €
B1	Intereses Bancarios Póliza Crédito LEADER (CAIXABANK)	388,45 €
B2	Comisións Bancarias (CAIXABANK) → Formalización Póliza Crédito 2017	166,64 €
B3	Axuste fiscal MODELO 111 1T/2020 (gasto non elixible pola Medida LEADER)	32,40 €
C	Axuste Custes Correntes 19.4A Medida LEADER 2014/2020 (exercicio anterior)	5.481,07 €
X	REMANENTE XEODESTINO 2020	-2.094,95 €
	( A + sumatorioB – (C+X) ) →	0,00 €

X	REMANENTE XEODESTINO 2020 → X=(X1-(X2+X3+X4+X5))	-2.094,95 €
X1	Subvención XEODESTINO 2020 (TURISMO DE GALICIA) e COTAS 2020 CONCELLOS	80.896,29 €
X2	VINILO XIGANTE “PRINTFOAM” POSTAL SONORA (para FITUR 2020) e GASTOS ORGANIZACIÓN EVENTO XEODESTINO TUI 12/03/2020 Gasto imputable XEODESTINO RIA VIGO e BAIXO MIÑO	238,65 €
X3	Gastos de persoal laboral de 2020 derivados da equiparación salarial da técnica Eva María Gil Solla (como directora de proxectos da Asociación) Gasto imputable XEODESTINO RIA VIGO e BAIXO MIÑO	8.261,17 €
X4	Gasto derivado do equipo técnico da Asociación (compensación antigüidade) Gasto imputable XEODESTINO RIA VIGO e BAIXO MIÑO	3.600,32 €
X5	Facturas de EOSA CONSULTORES (asistencia técnica) Gasto imputable ao XEODESTINO RIA VIGO e BAIXO MIÑO	70.891,10 €

**A 31 de decembro de 2020 a Tesourería da Asociación elévase a -9.033,97 €.**  
Dita cantidade figura como saldo á data de finalización do ano económico 2020 nas seguintes contas bancarias das que é titular único a ADR:

ENTIDADE	NÚMERO CONTA	TIPO CONTA	SALDO (31/12/2020)
CAIXABANK	ES8521005656030200152632	PÓLIZA CRÉDITO c. corrente LEADER	-23.993,17 €
CAIXABANK	ES1321005656040200190060	c. corrente XEODESTINO	9.068,53 €
ABANCA	ES8220800552013040008273	c. corrente	5.079,02 €
ABANCA	ES5220800552013040006194	c. corrente	811,65 €

Mos, 25 de Febreiro de 2021.

O Xerente,

  
Asdo. Marco Antonio García Rodríguez  
Galicia Suroeste

**Balance de Situación Abreviado do Exercicio Económico 2020 (Pechado a 31/12/2020)**  
**Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL (ADR MAIV – Baixo Miño)**  
**Moeda: Euro**

ACTIVO	E2019	E2020
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE.</b>		
I. Inmobilizado intanxible.		
II. Inmobilizado material.		
III. Investimentos inmobiliarios.		
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo.		
V. Investimentos financeiros a longo prazo.		
VI. Activos por Imposto diferido.		
<b>B) ACTIVO CORRENTE.</b>	<b>61.159,06</b>	<b>64.001,53</b>
I. Activos non correntes mantidos para a venda.		
II. Existencias.		
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar.	87.657,85	71.449,62
AGADER	22.453,07	30.470,42
XEODESTINO (TURISMO DE GALICIA)	28.000,00	28.396,28
O TEU XACOBEO (TURISMO DE GALICIA e CONCELLOS)	22.222,22	
COTAS (CONCELLOS)	14.647,78	12.369,11
CAIXABANK	334,78	213,81
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo.		
V. Investimentos financeiros a curto prazo.	1.585,88	1.585,88
Concello Mos	1.214,61	1.214,61
ALD Automotive	371,27	371,27
VI. Periodificacións a curto prazo.		
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.	-28.084,67	-9.033,97
<b>TOTAL (A+B)</b>	<b>61.159,06</b>	<b>64.001,53</b>



**Balance de Situación Abreviado do Exercicio Económico 2020 (Pechado a 31/12/2020)**  
**Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL (ADR MAIV – Baixo Miño)**  
 Moeda: Euro

<b>PATRIMONIO NETO E PASIVO</b>	<b>E2019</b>	<b>E2020</b>
<b>A) PATRIMONIO NETO.</b>	<b>55.678,12</b>	<b>58.476,75</b>
<b>A-1) Fondos propios.</b>	<b>55.678,12</b>	<b>58.476,75</b>
I. Capital.		
II. Prima de emisión.		
III. Reservas.		
IV. (Accións e participacións en patrimonio propias).		
V. Remanente de exercicios anteriores	50.779,73	55.678,12
VI. Outras aportacións de socios.		
VII. Resultado do exercicio.	4.898,39	2.798,63
VIII. (Dividendo a conta).		
IX. Outros instrumentos de patrimonio neto.		
<b>A-2) Axustes por cambios de valor.</b>		
<b>A-3) Subvencións, donacións e legados recibidos.</b>		
<b>B) PASIVO NON CORRENTE.</b>		
I. Provisións a longo prazo.		
II. Debedas a longo prazo.		
III. Debedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo.		
IV. Pasivos por imposto diferido.		
V. Periodificacións a longo prazo.		
<b>C) PASIVO CORRENTE.</b>	<b>5.480,94</b>	<b>5.524,78</b>
I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda.		
II. Provisións a curto prazo.		
III. Debedas a curto prazo.		
IV. Debedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo.		
V. Acreedores comerciais e outras contas a pagar.	5.480,94	5.524,78
Seguridade Social	2.687,16	2.708,65
Axencia Tributaria (A.E.A.T.)	2.793,78	2.816,13
Outros acreedores comerciais		
VI. Periodificacións a curto prazo.		
<b>TOTAL (A+B+C)</b>	<b>61.159,06</b>	<b>64.001,53</b>

**Conta de Perdas e Ganancias Abreviada do Exercicio Económico 2020**  
**Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL (ADR MAIV – Baixo Miño)**  
**Moeda: Euro**

	<b>Exercicio 2019</b>	<b>Exercicio 2020</b>
	(Debe) / Haber	(Debe) / Haber
1. Importe neto da cifra de negocios		
2. Variación de existencias de productos terminados e en curso de fabricación		
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo		
4. Aprovisionamentos		
5. Outros ingresos de explotación (incluídas subvencións)	237.527,38	260.807,96
6. Gastos de persoal e asimilados	(116.153,91)	(117.121,49)
7. Outros gastos de explotación	(116.187,73)	(140.466,99)
8. Amortización do inmovilizado		
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras		
10. Excesos de provisións		
11. Deterioro e resultado por enaxenacións do inmovilizado		
12. Outros resultados		(32,40)
<b>A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)</b>	<b>5.185,74</b>	<b>3.187,08</b>
13. Ingresos financeiros		
14. Gastos financeiros	(287,35)	(388,45)
15. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros		
16. Diferenzas de cambio		
17. Deterioro e resultado por enaxenacións de instrumentos financeiros		
<b>B) RESULTADO FINANCEIRO (12+13+14+15+16)</b>	<b>(287,35)</b>	<b>(388,45)</b>
18. Resultado extraordinario		
<b>C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B+17)</b>	<b>4.898,39</b>	<b>2.798,63</b>
19. Imposto sobre beneficios	0,00	0,00
<b>D) RESULTADO DO EXERCICIO (C+18)</b>	<b>4.898,39</b>	<b>2.798,63</b>



Presidente do GDR 14 "Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL "

Avda Peinador, 39  
36.416 Mos  
Pontevedra

**RESOLUCIÓN** pola que se aproba a modificación da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

Tendo en conta a modificación das bases reguladoras que rexen a medida LEADER, publicadas no DOG núm. 53, do 18 de marzo de 2021, abren a posibilidade de que o GDR poida seleccionar proxectos non previstos inicialmente, así como, no seu caso, priorizar, no suposto de que así o consideren necesario para o desenvolvemento do seu territorio de actuación, estes novos proxectos, a xunta directiva do GDR /a asemblea xeral do GDR procede á aprobación da modificación da estratexia de desenvolvemento rural, mediante o Acordo do 16 de marzo de 2021. Xúntase a modificación da estratexia como anexo I desta resolución.

Tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores, emítese esta RESOLUCIÓN pola que se aproban a modificación da estratexia, que figura como anexo I desta resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interporse calquera outro recurso que se estime oportuno.

En Santiago de Compostela,

O Consello de Dirección da Agader

(Por delegación, A directora xeral de Agader

Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

(Asinado electronicamente)

Inés Santé Riveira.

	Nº DE REGISTRO	0020		
	DATA DE ENTRADA	14/04/21	HORA	10:00
	DATA DE SAÍDA		HORA	





**MARTÍN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, VICESECRETARIO  
DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL**

**CERTIFICO:** Que na Xunta Directiva da Asociación,  
na sesión celebrada o 16 de Marzo de 2021 adoptou o seguinte **ACORDO:**

Aprobase a modificación da parte III "Estratexia" do proceso participativo para a elaboración da estratexia local do GDR14 para a xestión da Medida LEADER 2014/2020, que vaise a remitir a AGADER para a súa aprobación. Os cambios introducidos son os seguintes:

-Na primeira liña de actuación denominada "Protección do medio ambiente e posta en valor do patrimonio rural e da paisaxe" introducese un novo apartado 1d) coa seguinte redacción: "Actuacións de natureza non produtiva vinculadas á proxectos de mobilización ou recuperación de terras, así como actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular".

-Na segunda liña de actuación denominada "Creación e mellora dos servizos á poboación e inclusión social", con respecto ao apartado 2a) Creación e modernización de infraestruturas que contribúan á mellora do benestar da poboación, introducese unha nova tipoloxía de proxectos: "Actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano que contribúan a mellorar o benestar da poboación".

-Na segunda liña de actuación denominada "Creación e mellora dos servizos á poboación e inclusión social", con respecto ao apartado 2b) Creación de servizos complementarios que melloren a calidade de vida, introducese unha nova tipoloxía de proxectos: "Actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano vinculados á creación de servizos complementarios que melloren a calidade de vida".

-Na terceira liña de actuación denominada "Mellora da competitividade, diversificación produtiva e innovación" introducen dous novos apartados coa seguinte redacción: 3d) "Proxectos de mobilización ou recuperación de terras. Tipoloxía de Proxectos: Actuacións de produción agraria en aldeas modelo, Proxectos de mobilidade de terras, Permutas de predios agroforestais e Outros instrumentos de mobilización ou recuperación de terra agraria" e 3h) "Actuacións incluídas en programas, plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidas por Agader. Poderán incluírse actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación de espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular".


Neste senso, non se modifica o baremo actual (criterios de selección de expedientes de axuda e limitacións sectoriais) do GDR14 para a xestión da Medida LEADER 2014/2020.

E para que conste e ós efectos oportunos, expido e asino a presente,  
en Mos a 18 de Marzo de 2021.

O Vicesecretario

  
Asdo. Martín Fernández Fernández  
Asociación de Desenvolvemento  
Galicia Suroeste

Visto e prace  
A Presidenta

  
Firmado por: 76907009T SANDRA GONZALEZ (R:  
G36889780) el día 18/03/2021 con un certificado  
emitido por AC Representación

Asdo. Sandra González Álvarez

Asociación de Desenvolvemento  
Galicia Suroeste

